




XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICA E XUSTIZA; A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA; O VALEDOR DO POBO; E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA, PARA A CONVOCATORIA E O DESENVOLVEMENTO DO CURSO SUPERIOR DE ESPECIALIZACIÓN EN TRANSPARENCIA, BO GOBERNO E DATOS PÚBLICOS.

En Santiago de Compostela, a 3 de outubro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Alfonso Rueda Valenzuela**, actuando en calidade de Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en virtude do Decreto 229/2012, do 2 de decembro, e de presidente do Consello Reitor da Escola Galega da Administración Pública, ao abeiro do establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no artigo 7 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

doutra, **Dna. Sonia Rodríguez-Campos González**, Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo;

doutra, **Dna. Milagros Otero Parga**, Valedora do Pobo de Galicia, nomeada por Resolución do 4 de agosto de 2015 do Parlamento de Galicia, actuando en nome e representación do Valedor do Pobo, en virtude das facultades que lle confire o artigo 7 a) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo.

doutra, **Don José Antonio Redondo López**, Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, actuando en nome e representación do Consello de Contas de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o artigo 8, punto 4, apartado a) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, e previa autorización do Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa sesión do 21 de xullo de 2016, para subscribir o presente convenio administrativo en materia de formación de persoal coa Escola Galega de Administración Pública.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de Colaboración, e

galicia



EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO. - Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que o Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que a Lei 6/1984, de 5 de xuño, lle atribúe.

A actividade do Valedor do Pobo estenderase á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de autonomía, en especial, os sancionados no seu título preliminar.

A estes fins, e no exercicio das funcións que lle encomendan o Estatuto de autonomía e a Lei 6/1984, o Valedor do Pobo poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia desta Comunidade autónoma.

CUARTO.- Que o Consello de Contas de Galicia é un órgano de fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. O Consello de Contas foi creado polo Estatuto de Autonomía (artigo 53.2) e regulado na súa organización e funcionamento pola Lei 6/1985, do 24 de xuño. A lei 8/2015, do 7 de agosto, de modificación da anterior, confírelle competencias en materia de prevención da corrupción no ámbito do sector público autonómico e funcións consultivas, configurándose como órgano asesor do Parlamento de Galicia en materia económico-financeira. A Institución é de igual xeito competente para todo o concernente ou seu goberno, ao seu réxime interior e ao persoal ao seu servizo.

QUINTO.- Que todas as partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecendo as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a EGAP, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas de Galicia, é

[Handwritten signatures and stamps of the Xunta de Galicia, Valedor do Pobo, and Consello de Contas de Galicia]



a convocatoria, organización e desenvolvemento do “Curso superior de especialización en transparencia, bo goberno e datos públicos”. O curso desenvolverase conforme o establecido no anexo de este convenio.

SEGUNDA.- Dereitos e obrigacións das entidades asinantes

A EGAP, o Valedor do Pobo e o Consello de Contas de Galicia para a convocatoria e organización do referido curso adquiren os seguintes compromisos:

- Colaborar na organización e desenvolvemento da xornada sinalada na cláusula primeira.
- Participar economicamente coa cantidade que se detalla na cláusula cuarta do presente convenio
- As entidades asinantes poderán colaborar, a través da persoa que propoñan, na exposición dalgún dos epígrafes contidos no programa obxecto deste curso.
- Estará exento do pago da matrícula que se puidera establecer un empregado de cada unha das entidades asinantes.

TERCEIRA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.





Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, o Secretario Xeral e un Xefe ou Xefa de Servizo da mesma que designe a súa Directora, ou persoas en quen deleguen; por parte do Valedor do Pobo o Secretario Xeral ou persoa en quen delegue e por parte do Consello de Contas de Galicia o Secretario Xeral ou persoa en quen delegue.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 6.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.
- 6.- Dar conformidade á liquidación dos gastos da actividade, vistos os xustificantes pagos.

CUARTA.- Orzamento

A EGAP para a organización e desenvolvemento do curso colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos, e cos medios persoais e materiais para o



correcto desenvolvemento do curso. Ademais colaborará economicamente coa cantidade resultante da diferenza entre as aportacións das outras dúas entidades e o custo total do curso, estimando neste sentido a súa colaboración en 11.905 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación 05.80.122B.226.17.

O Valedor do Pobo colaborará la organización e desenvolvemento do curso coa cantidade de 3.000 euros. Esta aportación destinarase á cofinanciamento dos conceptos de docencia e farase efectiva con cargo á aplicación 01.02.111B.430.00 dos seus orzamentos.

O Consello de Contas colaborará la organización e desenvolvemento do curso coa cantidade de 3.500 euros, que se fará efectivo cargo á aplicación 02.01.111C.226.06 dos seus orzamentos.

As cantidades contidas nos apartados anteriores será transferidas á EGAP á conta ES 21 2080 0388 26 3110000100, unha vez asinado o presente convenio, en todo caso antes da celebración do curso que se menciona na cláusula primeira.

Á finalización do curso, a EGAP remitirá a conta xustificativa de ingresos e gastos ás entidades cofinanciadoras cara a acreditar a aplicación dos fondos recibidos e practicar a liquidación dos anticipos conforme ao saldo de gastos que resulte daquela conta. Si existise saldo favorable desta liquidación será reintegrado a cada parte conveniente de xeito proporcional a contía da súa achega.

QUINTA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SEXTA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual


Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP, do Valedor do Pobo e do Consello de Contas de Galicia.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materias froito do desenvolvemento do proxecto.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.



OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polos artigos 14 e seguintes da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdicional do contencioso-administrativo.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o remate do desenvolvemento e xustificación económica do curso.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscribese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza,

D. Alfonso Rueda Valenzuela

A Valedora do Pobo,

A Directora da Escola Galega de
Administración Pública,

Dna. Sonia Rodríguez-Campos González

O Conselleiro Maior do Consello de Contas,

Dna. Milagros Otero Parga

D. José Antonio Redondo López



Curso superior de especialización en transparencia, bo goberno e datos públicos

1. Actividade

Programa:

- Módulo I: Transparencia, ética pública e bo goberno (12 horas presenciais)
- Módulo II: Publicidade activa e rendición de contas. O portal de transparencia e a Administración electrónica (12 horas presenciais)
- Módulo III: Dereito de acceso á información. Límites e garantías (12 horas presenciais).
- Módulo IV: Control e avaliación. Acreditación e medida (12 horas presenciais).
- Módulo V: A xestión de datos públicos. *Open data* e reutilización da información (12 horas on-line).
- Módulo VI: Goberno aberto: innovación, redes sociais e participación cidadá (12 horas on-line).
- Módulo VII: Traballo final.

Datas de impartición: de setembro a decembro de 2016


Duración (número de horas e de días): Terá unha duración de 100 horas, que se distribuirán do seguinte xeito:

- 54 horas presenciais, en sesións de 4 horas, unha tarde semanal (mércores)
- 26 horas de docencia e titoría on line.
- Elaboración dun traballo individual (20 horas)

2. Órgano xestor: EGAP

3. Orzamento:

Docencia	
Concepto	Importe
Dirección académica	750 €
Coordinación	500 €
Docencia presencial	140€/hora *48 horas= 6720 €
"Master class"	350€/hora *6 horas= 2100 €
Titoría on line	26 h*60 alum.*1,50=1950 €
Total docencia	12.020 €



Outros gastos	
"Master class" (viaxes, aloxamentos...)	2225 €
Sesións ordinarias (viaxes, aloxamentos...)	2670 €
Outros gastos (comidas, azafatas, medios técnicos...)	1490 €

4. Alumnado:

N.º máximo: 50

Destinatarios:

O curso está dirixido a aqueles profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

- 4.1. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- 4.2. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.
- 4.3. Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, cargos electos, así como profesionais que se atopen en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico

O 60% das prazas dirixiranse aos solicitantes encadrados nos apartados 4.1 e 4.2

Importe de matrícula:

Pendente de delimitar o importe da matrícula. En todo caso, os solicitantes encadrados nos apartados 4.1 e 4.2. terán un réxime bonificado.

5.- Dirección do curso:

Dña. Concepción Campos Acuña. Secretaria de Administración Local e Codirectora da rede Localis

Coordinación académica:

D. Daniel Neira Barral. Avogado e Investigador da USC